

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 19 DE NOVEMBRO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezanove de novembro de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 12 de Novembro do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida.

Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: RIB/N/19.5/07.

A ANGELINO FERNANDEZ FERNANDEZ NA REPRESENTACION DE SURBANI PROMOCIONS S.L., con domicilio na avda. Ordoñez nº 24, baixo, Goian, Tomiño, Pontevedra, para levar a cabo as obras de construción de edificio para garaxes, locais comerciais e 30 vivendas no inmovible sito na rúa Muñoz Calero nº 34-36-38, desta vila, que se realizarán segundo o proxecto Básico redactado polo arquitecto D. José Manuel Quinteiro Crespo, con visado de 26 de xullo de 2007.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Construción de edificio para garaxes, locais comerciais e 30 vivendas.

Contía na que se orzan as obras: 1.575.000 euros.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Muñoz Calero nº 34-36-38.

Redactor do Proxecto: D. José Manuel Quinteiro Crespo.

Director de Obras e de Execución: D. José Manuel Quinteiro Crespo e Dona Sofia Quimeráns Juncal.

Nome ou razón social do promotor: Surbani Promocions S.L..

Prazos: Os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non excederá de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 06.11.07, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 1.575.000 euros, e visto o orzamento estimado que figura no expediente e que ascende a 40.950 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

Características do proxecto:

VISADO DE PROXECTO BÁSICO: 26 de xullo de 2007.

Existen diferenzas entre as superficies útiles e construídas que se reflexan nos planos e as sinaladas na Memoria, este erro deberá subsanarse no correspondente Proxecto de Execución.

PLANTA	SUPERFICIE CONSTRUÍDA	USO
Soto	883,04 m ²	prazas de garaxe (31) e rochos (10).
Baixa	883,04 m ²	portal, locais comerciais (2), patio e acceso garaxe.
Altas (5)	584,58 m ²	6 vivendas por planta.
Baixo Cuberta	334,56 m ²	instalacións e rochos (31).
Total.....	5.023,54 m ²	

Outras condicións:

Cesións:

En base ó *artigo 19º.- Deberes dos propietarios de solo urbano consolidado da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural*, o propietario deberá *“cederlle gratuitamente ó municipio os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento”*.

No Proxecto presentado, refréxanse ós terreos a ceder, que formarán parte do vial Muñoz Calero, e cuantifícanse en 114,72 m².

Infraestruturas:

En base ó citado *artigo 19º.- Deberes dos propietarios de solo urbano consolidado da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural*, o propietario deberá de *“completar pola súa conta a urbanización necesaria para que aqueles alcancen, se aínda non a tivesen, a condición de soar. Para tal efecto, deberán custear os gastos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e regularizar as vías públicas, executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento ...”*.

Consta Informe de Aqualia, empresa concesionaria, sobre a existencia de servizos de abastecemento de auga e saneamento.

Presentarase, xunto co correspondente Proxecto de Execución, o Proxecto de Urbanización onde se inclúa a definición dos servizos urbanísticos que deberá ser informado por Aqualia, empresa concesionaria.

Previo inicio das obras deberá presentar no Concello, para o seu informe e comprobación de que se adecúa o proxecto básico presentado, o correspondente Proxecto de Execución, co Anexo sobre Control de Calidade da Edificación, segundo Decreto 232/93 da Xunta de Galicia, Proxecto Técnico de Infraestrutura Común de Telecomunicacións de acordo co RD Lei 1/98, Proxecto de Seguridade e Saúde, así como a designación dos técnicos directores da obra e coordinadores de Seguridade e Saúde.

EXPTE. Nº: 28/09/2006/4541-1/315.

A IGNACIO LOSADA RIVAS, con domicilio en San Cristovo, para levar a cabo as obras para legalización de nave e execución de anexo para vivenda e trasteiro no inmovible sito na estrada do Carballiño nº 143, San Cristovo, que se realizarán segundo o proxecto Básico e de Execución e Anexos varios obrantes no expediente redactado polo arquitecto Dona Gemma Barcala Domínguez, con visado de 30 de xullo de 2007.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Legalización de nave e execución de anexo para vivenda e trasteiro.

Contía na que se orzan as obras: 123.649,70 euros.

Situación e emprazamento das obras: Estrada do Carballiño nº 143, San Cristovo.

Redactor do Proxecto: Dona Gemma Barcala Domínguez..

Director de Obras: D. Alberto Rodríguez Rodríguez.

Nome ou razón social do promotor: Ignacio Losada Rivas.

Prazos: Os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non excederá de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 28.09.06, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 2.826,76 euros, e visto o orzamento estimado que figura no expediente e que ascende a 123.649,70 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, por importe de 388,13 euros.

Outras condicións: Planta baixa; local sen uso actual e a súa utilidade será segundo o previsto no ordenamento vixente na data correspondente.

Espazo de Portal: segundo definición do proxecto.

Dependencias varias na superficie de proxección da caixa de escaleira; denominados Cuarto-1 e cuarto-2.

Planta primeira, formúlase o uso vivenda.

Planta segunda: Corresponde a un volume de nova formulación dentro do sólido capaz autorizable sen uso vivenda, pero o seu uso terá que ser compatible co residencial. En proxecto denomínase como "Planta Baixo Cuberta", cando o proxecto non ten aproveitamento por enriba dos alzados máximos autorizables. Asígnaselle o uso como trastero.

Cuberta: utilizará material cerámico segundo foi informado e condicións urbanísticas achegadas no seu día.

Respecto aos voos como concesión de dereito de voo sobre terreos de dominio publico no extremo dereito da fachada, resolverase de forma perpendicular a fachada sen que sexa necesario achegar nova documentación de corrección deste extremo sendo suficiente con que figure como condición da licenza.

Para responder da reparación e reposición da beirarrúa frontal depositase unha fianza de 1.100,00 €”

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADADÁNS.

TRAMITACION DE EXPEDIENTE EN SOLO RUSTICO.-

En relación ó expediente de autorización en Solo Rústico e conforme ó trámite regulado polo artigo 41.2.b da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, para a adecuación edificación existente para uso de balneario, no lugar de Prexigueiro, deste municipio, promovido por Termas de Prexigueiro S.L., a Xunta de Goberno Local, unha vez concluído o período de exposición o público, por unanimidade, acorda, remiti-lo devandito expediente a

Dirección Xeral de Urbanismo, ós efectos do artigo 41 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

CEMITERIOS.-

“Visto o escrito de **Dona Maria Dolores Lira Pousa**, veciña desta Vila, con domicilio na rúa San Francisco nº 13, no que interesa o cambio de titularidade das sepulturas nº 469 e 470, fila 5 no socalco terceiro esquerda do cementerio municipal que ata agora estaba a nome Don Manuel Deaño Leboso e Don Francisco Deaño Leboso, a prol de Herdeiros de Don Julio Lira Rodríguez e que no sucesivo se lle xiren os recibos correspondentes a ditas sepulturas o seu nome, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado, polo que a partir de presente data as devanditas sepulturas xirarán a nome de Herdeiros de Don Julio Lira Rodríguez, agora ben, este cambio de titularidade non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre a sepultura en cuestión”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

- Da Fundación Once-Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, comunicando informe preliminar de las obras de accesibilidade en Ribadavia (Mellora de accesibilidade na Praza Fonte da Prata).

- Da Consellería de Vivenda e Solo, comunicando Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 8 de novembro de 2007, relativo á área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia (Ourense), 8ª fase, na Comunidade Autónoma de Galicia, Plan de Vivenda 2005-2008, Programa 2007”.

- Da Dirección Xeral de Acción Social, Resolución de data 08-11-07, complementaria destinada a prestación de servizos sociais, por importe de 23.074,20 euros.

- Convenio de Colaboración entre o Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO), a Fundación Once para a cooperación e integración social de persoas con discapacidade e o Concello de Ribadavia (Ourense) para a realización dun proxecto de obras de accesibilidade (Mellora de accesibilidade na Praza Fonte da Prata).

- Da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, comunicando a concesión de subvención para os servizos de acceso a internet e a biblioteca electrónica (2 Pcs).

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE ABOAMENTO DE SUBVENCIÓN.-

Visto o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadavia para o remate da Rehabilitación dunha vivenda de infravivenda rural de data 11 de outubro de 2007.

Tendo en conta que a rehabilitación da infravivenda rural ubicada na Franqueirán atopase rematada, sendo a beneficiaria Dona Benita Rodríguez Rodríguez.

Visto a cláusula terceira do referido Convenio, a Xunta de Goberno, por unanimidade acorda:

1º.- Solicitar o aboamento da subvención concedida o abeiro do mesmo, por importe de 16.527,84 euros.

2º.- Comunicar o presente acordo a Consellería de Vivenda e Solo.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 29-10-07 relativo a aprobación dunha factura (erro na cantidade), acordase rectificar a mesma que quedano do seguinte xeito:

“ O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

- CONTROL P INFORMÁTICA. Suministro de 8 ordenadores e instalación para o Viveiro de Empresas do Proxecto “Equal Avia Crea Futuro”, segundo factura número 9285, por importe de 11921,82 euros”.

Segundo.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

- MUEBLES CELSO S.L. Suministro de mobiliario para o Viveiro de Empresas segundo factura número A/388, por importe de 6566,23 euros. (Factura aprobada por Resolución da Alcaldía do 2 de novembro de 2007).
- CARPINTERÍA SINDO. Suministro de materiais e man de obra para acondicionamento do Viveiro de Empresas, segundo factura número 10, aprobada por Resolución da Alcaldía o 2 de novembro de 2007, por importe de 3253,80 euros.

Terceiro.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

APROBACION DE CONVENIO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio entre o Concello de Ribadavia e a Asociación de Yoga Sanatana Dharma, para a realización e promoción da actividade de Yoga”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.